

Novos tempos para o programa “Universidade é Natureza” Participaron xa máis de mil alumnos de primaria e secundaria



Grupo da anterior edición

D. B. | Vigo

O programa de educación ambiental “Universidade é Natureza”, desenvolvido dende o ano 2004 pola Oficina de Medio Ambiente”, volve a pórse en marcha este curso con maiores facilidades para os centros educativos que queiran participar.

Se ata o de agora eran os propios colexios os que se tiñan que encargar de sufragar os gastos do servizo de transportes, estes custes correrán agora a cargo do Concello de Vigo, xa que pasa a ofrecer esta actividade dentro do Programa Educativo Municipal “Vigo por dentro”.

Poderán beneficiarse todos os escolares do último curso de Primaria, ESO e Bacharelato e todos aqueles pais e nais interesados polo mundo da natureza. Por outra banda, o programa tamén está aberto a todos os centros educativos da bisbarra, e ata o de agora xa teñen participado colexios e institutos de concellos coma Mos, Pazos de Borbén ou Gondomar.

Programa

O programa emprega como principal actividade de desenvolvemento dous percorridos guiados polo campus das Lagoas Marcosende, onde están representados os diferentes hábitats da comarca co fin de achegarlles aos rapaces a flora e fauna do campus. “Ao mesmo tempo téntase tamén conciencialos e sensibilizalos sobre a importancia de respectar e conservar o noso medio”, sinala Ignacio Munilla, director da Oficina de Medio Ambiente.

“Son grupos de como máximo trinta alumnos que guiamos dúas monitoras da oficina. No percorrido facemos diferentes actividades como identificación de aves e flora, cousas moi novidosas para eles porque aínda que ás veces xa tiñan visto esas especies nunca se tiñan fixado nelas. Ademais á maioría encántalles estar no

campo”, explica Iria Rodríguez, unha das monitoras.

Ao final de cada percorrido convídase aos mozos e aos seus mestres a un pequeno almorzo elaborado con produtos ecolóxicos, aproveitando para explicar algunha nocións relativa a esta opción de consumo e as súas vantaxes.

Os mestres participantes reciben tamén unha carpeta con material de apoio consistente nun C.D. explicativo dos hábitats, flora e fauna do campus, propostas de avaliación e un exemplar da Guía da Natureza do Campus de Marcosende, editado pola propia OMA.

Participación

Ata o de agora, nas dúas convocatorias que se levaron a cabo, os centros mostraron un grande interese por participar no programa. “En total houbo unha participación de 1.030 alumnos e 55 profesores pertencentes a quince centros distintos de Vigo e arredores”, especifica o director da oficina.